

CONCURSO DE IMAXE DA EASD MESTRE MATEO

CURSO 2022-23

OBXECTIVO

O obxectivo deste concurso é seleccionar unha **imaxe** para unha tirada impresa de como máximo 300 exemplares que será empregada como agasallo para empresas e entidades colaboradoras con fins non comerciais. As imaxes impresas irán numeradas e con certificado de autenticidade asinado pola autora ou autor.

PREMIOS

Este concurso ten dous premios en efectivo:

- Un primeiro premio de **500€**. A imaxe ganadora deste primeiro premio será impresa en serie limitada e numerada, con certificación de autenticidade firmada pola autora ou autor. No momento da entrega do premio tamén se fará entrega de 5 exemplares encarpados da imaxe impresa á persoa gañadora do concurso.
- Un accésit de **200€**.

TEMA

O tema da imaxe é libre. Non obstante, a finalidade do concurso é facer un agasallo dende a Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo a entidades e empresas colaboradoras, polo que o xurado valorará que a imaxe sexa representativa da Escola dende calquera ámbito: o seu entorno e localización, a súa historia, organización, identidade, a formación multidisciplinar que oferta, e a cultura do deseño que tenta transmitir.

TÉCNICA

A técnica para a realización da imaxe é **libre**, e poderá ser realizada por calquera medio, dixital ou analóxico.

O único requisito é que a entrega (que se especifica nun apartado posterior) sexa en soporte dixital e reproducibile por impresión dixital.

PARTICIPANTES

Alumnado matriculado na Escola no presente curso 2022/2023 e alumnado titulado nos dous últimos cursos da Escola, **de calquera especialidade**.

A participación no concurso é gratuita.

ENTREGA

As imaxes presentaranse en formato dixital e en .jpg de alta calidade a 300 ppp e o tamaño, de 30 cm o lado máis longo.

O nome do arquivo será o lema ouseudónimo elixido pola autora ou autor.

Presentarase e considerarase unha soa imaxe baixo cadaseudónimo.

A data límite para a entrega de imaxes será o venres **9 de Decembro de 2022 ata as 13h.** na Secretaría do Centro (planta baixa, Rúa Virxe da Cerca).

A entrega realizarase baixo sistema de plica do seguinte modo: entregarase nun sobre máis grande. Este sobre debe ir rotulado cun lema ouseudónimo e no seu interior introduciranse:

- un **pendrive** titulado co mesmo lema ouseudónimo que conterá o arquivo de imaxe, que tamén levará o mesmo título, e un texto de dúas liñas explicativo da imaxe se a autora ou autor o consideran necesario.
- un **sobre** máis pequeno, tamén rotulado co lema e pechado, que conterá os datos da autora ou autor da imaxe: nome e apelidos, número de DNI, número de teléfono e correo electrónico.

Salvo no interior deste último sobre pequeno, non poderá figurar o nome ou logotipo da persoa autora da imaxe en ningunha outra parte, para garantir o anonimato.

Unha vez rematado o concurso e coñecida a persoa gañadora do mesmo os pendrives poderán ser recollidos por quen participou no concurso. Estarán a disposición das persoas participantes dende o 9 de Xaneiro ata o 3 de Marzo de 2023 no despacho de Secretaría (planta baixa). Pasada esta data a Escola se reserva o dereito de reutilizar os pendrives ou reciclalos.

Notificarase persoalmente ás persoas gañadoras do primeiro premio e máis o accésit. Posteriormente os nomes daranse a coñecer publicamente na páxina web e nas redes sociais da Escola.

BASES

1. As obras deberán ser inéditas: non se poderá presentar ao concurso unha obra previamente premiada noutro concurso ou publicada, incluso en internet, en calquera medio ou rede social.
2. Cada participante pode presentar máis dunha imaxe, sempre que sexa baixo diferentes lemas ou pseudónimos.
3. As persoas participantes declaran ser autoras da imaxe presentada e posuír todos os dereitos sobre a mesma.
4. As persoas autoras das dúas imaxes seleccionadas cederán á Escola de Arte Mestre Mateo os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública (Art.17 LPI) das imaxes gañadoras, para a promoción da Escola, en calquera tipo de soporte.
5. No seu caso, deberase contar coa cesión de dereitos de imaxe, por medio de consentemento expreso e inequívoco, de todas aquelas persoas que puideran aparecer na imaxe de forma recoñecible. A Escola non se fará responsable de posibles demandas relativas á infracción de dereitos de propiedade intelectual de terceiros, ou a

- supostos de intromisión nos dereitos ao honor, á intimidade persoal e á propia imaxe.
6. A persoa gañadora do concurso deberá facilitar un arquivo tiff de alta calidade, en perfil Adobe RGB e 16 bits de profundidade de cor.
 7. A persoa gañadora do concurso comprométese a asinar os certificados de autenticidade que acompañarán ás imaxes impresas.
 8. Haberá unha soa imaxe gañadora e un so accésit.
 9. A Escola resérvase o dereito a que o premio quede deserto.
 10. O xurado estará constituído polo director da Escola, profesorado da Escola e unha persoa profesional do mundo da imaxe.
 11. O dictame do xurado será inapelable.
 12. A Escola resérvase o dereito de substituír a calquera membro do Xurado se as circunstancias obrigan a iso.
 13. A participación neste concurso implica a aceptación destas bases polas persoas participantes no mesmo.
 14. A organización queda facultada para resolver calquera continxencia non prevista nestas bases.



En Santiago de Compostela, o 13 de Setembro de 2022